

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Persoal e Organización

*Nomeamento de funcionaria interina administrativa para o Servizo de Ordenación do Territorio (urbanismo)*

##### ANUNCIO

**Nomeamento de funcionaria interina administrativa para o servizo de Ordenación do Territorio (urbanismo)**

Por resolución núm. 1345 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime interior do 26 de maio de 2026, resolveuse o seguinte que en extracto di:

*“PRIMEIRO.- Nomear a dona Ana María Picado Ponte, con DNI núm. \*\*\*2469\*\* como funcionaria interina nun posto de administrativa/o, grupo C1, ata que se cubra o posto polos procedementos legalmente establecidos ou por un período máximo de tres anos.*

*(.../...)*

*SEGUNDO.- Asignar a dona Ana María Picado Ponte o posto de funcionaria interina nun posto de administrativa, código RPT vixente OM.1.3.05.*

*TERCEIRO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2. h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.*

*Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.*

*Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

*Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.*

*En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”*

O que se publica para coñecemento xeral.

Culleredo, 1 de xuño de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)